

# CUESTIONARIO CIENCIAS SOCIAIS

## T4. A organización político-territorial da nosa contorna.

1. Qué características comparten todos os estados da (UE)?

Todos os estados comparten as mesmas características:

- Posúen un **territorio** delimitado.
- Teñen unha **poboación** propia.
- Dispoñen dun **aparello de goberno** elixido pola súa cidadanía, para exercer o poder e tomar as decisións.
- Contan cun conxunto de normas dirixidas a regular as relacións entre territorio, poboación e Goberno. Este conxunto de normas recibe o nome de **Constitución**

2. Qué países Europeos sitúanse entre dous continentes? De que continentes se tratan?

Algúns dos países europeos se sitúan entre dous continentes (Europa e Asia), como é o caso da propia Rusia e de Turquía.

3. Qué é una capital? Cales son as capitais máis importante de Europa?

Unha **capital** é o territorio máis importante dun país, provincia ou rexión, onde teñen a súa sede os principais órganos políticos de goberno e onde se producen a maioría das actividades económicas. Isto implica que tamén sexa un lugar en que se rexistra unha alta densidade de poboación; unha poboación que, na maioría dos casos, se trasladou a estes espazos para conseguir traballo, estudar ou, en xeral, acadar un mellor nivel de vida.

As capitais máis importante de Europa son: Londres, París, Berlín e Moscova.

4. Con que dous obxectivos se creou a unión Europea?

Garantir unha paz duradeira en Europa y reconstruír economicamente os países que a conformaban.

5. Colorea no mapa todos os países que pertencen á UE. Despois debes escribir a súa capital.



6. Nomea as institucións Europeas.

O Consello Europeo, o Consello da unión Europea, o Parlamento Europeo, a Comisión Europea e o Tribunal de xustiza. Ademáis existen **outras institucións** como o **Tribunal de Contas** e o **Banco Central Europeo**, que se ocupan de cuestións económicas.

7. Porque se dí que Galicia é unha comunidade autónoma histórica? E dí cal é a súa lei suprema.

Porque, xunto con Cataluña e País Vasco, comezou o seu proceso de formación moito antes que as do resto do país. Fíxoo concretamente durante a II República, aínda que o estalido da Guerra Civil impediu que entrase en vigor o seu Estatuto de autonomía.

O Estatuto de autonomía é a lei suprema da Comunidade autónoma de Galicia.

8. Coloca as seguintes provincias no mapa e despois dí a que comunidade autónoma pertencen:

-Álava : País Vasco -Xaén: Andalucía -Palencia: Castela e León

-Badajoz: Extremadura - Castellón: Comunidad Valenciana -

Guadalaxara: Castela A mancha -Huesca: Aragón - Santander:

Cantabria - Xirona: Cataluña.



9. Explica cales son os principais órganos de administración política en España e cales son as súas funcións e os membros que os compoñen.

| Organismos                             | Función     | Membros                      |
|--|-------------|------------------------------|
| O Goberno                              | Executiva   | Presidente/a<br>Ministros/as |
| As Cortes Xerais:<br>Congreso e Senado | Legislativa | Deputados/as<br>Senadores/as |
| Os Tribunais de Xustiza                | Xudicial    | Xuíces/Xuízas                |

10. Dí cal é o sistema de goberno de España e en que consiste?

España é un país democrático, cunha **monarquía parlamentaria**. Isto quere dicir que o seu **xefe de Estado** é un rei, cuxo cargo é meramente representativo porque o verdadeiro poder recae no Parlamento. O monarca, entre outras funcións, exerce de representante de España noutros países e de mando supremo das Forzas Armadas.